

Calendario académico para o curso 2023/2024

1. CURSO ACADÉMICO

O curso académico 2023/2024 comprenderá desde o 11 de setembro de 2023 até o 31 de agosto de 2024. Abarcará dous períodos lectivos que se organizan en dous cuatrimestres, conforme se indica no apartado 2 deste calendario. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os períodos sinalados neste calendario para a avaliación.

Considerarase alumnado do curso académico 2023/2024 aquel que deba ser avaliado das Prácticas/TFG/TFM en segunda oportunidade, cuxas actas se asinen e entreguen o 30 de setembro de 2024, conforme se establece neste calendario.

2. PERÍODOS LECTIVOS

As actividades académicas docentes comprenden os seguintes períodos lectivos:

Primeiro cuatrimestre: desde o 11 de setembro ao 22 de decembro de 2023

Segundo cuatrimestre: desde o 29 de xaneiro ao 10 de maio de 2024

Co fin de facilitar a planificación docente dos másteres, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas até o 26 de xaneiro. Neste caso, o segundo cuatrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Para facer efectiva esta posibilidade, as persoas coordinadoras dos másteres deberán comunicalo ao Servizo de Organización Académica.

3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación, os/as estudantes de grao e máster terán dereito en cada curso académico a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en catro períodos:

Oportunidades	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Adianto de oportunidade	Do 20 de novembro ao 8 de decembro de 2023 ¹	15 de decembro de 2023
Materias do primeiro cuatrimestre	Do 8 ao 25 de xaneiro de 2024	8 de febreiro de 2024
	Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros	4 de marzo de 2024
Materias do segundo cuatrimestre e anuais	Do 13 de maio ao 4 de xuño de 2024	18 de xuño de 2024
	Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros	5 de xullo de 2024
2ª oportunidade	Do 19 de xuño ao 12 xullo de 2024 ²	19 de xullo de 2024
	Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros	30 de setembro de 2024

¹ As datas de avaliación correspondentes ao adianto de oportunidade serán establecidas polos centros só no caso de existiren solicitudes.

² Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuatrimestre e a continuación os das materias do segundo cuatrimestre e/ou anuais.

Para a avaliación das Prácticas que utilicen actas individualizadas e dos TFG/TFM, os/as estudantes de grao e máster terán dereito en cada curso académico a dúas oportunidades, de acordo co seguinte calendario:

	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
TFG/TFM	Nas datas fixadas polos centros, respectando a norma que regula o TFG/TFM	30 de setembro de 2024
Prácticas (actas individualizadas)	Nas datas fixadas polos centros	30 de setembro de 2024

A matrícula e defensa do TFG e do TFM realizaranse conforme ao disposto nos artigos 1º, 2º e 3º da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, aprobada polo Consello de Goberno do 19/12/2013 e as súas modificacións posteriores.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse o día 7 de decembro (peche de centros, edificios e instalacións universitarias recollido na RR relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental), desde o día 26 de decembro de 2023 até o día 5 de xaneiro de 2024 (ambos os dous incluídos); os días 12 e 13 de febreiro de 2024 e desde o día 25 de marzo ao día 1 de abril de 2024 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 26 de xaneiro de 2024 pola festividade do Día da Universidade. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivo.